



Concello de Brión
www.concellodebrion.org

CONCELLO DE BRIÓN

DEPARTAMENTO DE SERVIZOS SOCIAIS



TRANSPORTE ADAPTADO SERVIZO GALEGO DE APOIO Á MOBILIDADE

TRANSPORTE ADAPTADO SERVIZO GALEGO DE APOIO Á MOBILIDADE



Concello de Brión
www.concellodebrion.org



sistema galego de benestar



Servizo Galego de
Transporte Adaptado



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE TRABALLO
E BENESTAR



Centro Social Polivalente
Avda. Sta. Minia, 46-15865 Brión

Telf: 981 50 99 10
Fax: 981 50 99 78

www.concellodebrion.org
ssoiciasbrion@briondixital.org

QUE É O TRANSPORTE ADAPTADO?



E un servizo que a Consellería de Traballo e Benestar pon en marcha coa finalidade de axudar ás persoas dependentes ou con minusvalía nos seus desprazamentos (programados e non urxentes) ao través de transportes adaptados, cunha persoa acompañante en cada vehículo encargada de axudar a cada usuario/a.

A ONDE ME PODE LEVAR?



Os desprazamentos que cubre o servizo de transporte adaptado (sempre por orde de prioridade) son os seguintes:

- Acudir a citas médicas ou tratamentos sanitarios
- Traslados a residencias, centros de día, centros de noite ou outros centros sociais
- Trasládarse para a realización de actividades básicas da vida diaria como: asistencia a xulgados, notarias, etc

QUEN PODE SOLICITALO?



Pode solicitalo calquera persoa que cumpra os seguintes requisitos:

- Ter recoñecida a situación de dependencia en calquera dos seus grados.
- Ter recoñecido un grao de minusvalía igual ou superior ao 65% e con recoñecemento de imposibilidade de utilización de transportes colectivos.

ONDE SE SOLICITA?



A solicitude farase no:
Centro Social Polivalente
Avd. Sta. Minia, 46
15865—Brión
Teléfono: 981 50 99 10

QUE NECESITA PARA SOLICITALO?



Para poder facer a súa solicitude deberá aportar a seguinte documentación:

- Carnet de identidade
- Certificado do recoñecemento do grao de minusvalidez e/ou de dependencia
- Copia da declaración da renda ou xustificante de ingresos.

COMO FUNCIONA?



Unha vez feita a solicitude e no caso de cumprir os requisitos, recibirá una resolución pola que se lle recoñece como persoa usuaria do Servizo Galego de Apoio a Mobilidade.

A partires dese momento cada vez que necesite usar o servizo do transporte adaptado so terá que chamar con 48 horas de antelación, incluíndo o seu número de usuario/a ao teléfono 902 222 065.